


ESCALADA MANUAL

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O USO DE ESCADAS MANUAIS

Antes de utilizar unha escada de man é fundamental analizar que tipo de traballo se vai realizar e ver a conveniencia de utilizar unha escada manual ou outro tipo de medios. Para traballos que poidan precisar esforzos e o uso das dúas mans, traballos á intemperie con condicións climáticas desfavorables, con visibilidade reducida ou outros perigos débese substituír a escada por outros medios como estadas, plataformas móviles, plataformas motorizadas etc. As escadas de man deberanse utilizar da forma e coas limitacións establecidas polo fabricante, polo que antes da súa utilización se deberán consultar estes extremos.










Os traballos a máis de 3,5 metros de altura, desde o punto de operación ao chan, que requiran movementos ou esforzos perigosos para a estabilidade do traballador, realizaranse, única e exclusivamente, se se utiliza cinto de seguridade ou se adoptan outras medidas de protección alternativas.

NORMAS DE UTILIZACIÓN






As escadas colocaranse de forma que durante a utilización a súa estabilidade estea asegurada.

1. Antes de situar unha escaleira de man ha de se inspeccionar o lugar de apoio para evitar contactos con cables eléctricos, tubaxes etc.
2. Non se debe situar unha escaleira sobre elementos inestables ou móviles (caixas, bidóns, ferros etc.).
3. As superficies deben ser planas, horizontais, resistentes e non escorregadizas.
4. Para situar unha escaleira nunha superficie inclinada han de se utilizar zapatas axustables de forma que os traveseros queden en posición horizontal.
5. Non se deben colocar preto de condutores eléctricos con tensión ou diante dunha porta sen a trabar e sinalizar.
6. Non se deben situar en lugares de paso para evitar todo risco de colisión con peóns ou vehículos e, en calquera caso, hai que a balizar ou situar unha persoa que avise da circunstancia.
7. Impedirase que os pés esvaren das escaleiras de man durante a súa utilización, xa sexa mediante a fixación da parte superior ou inferior dos traveseros, xa sexa mediante calquera dispositivo antiescorregadizo ou calquera outra solución de eficacia equivalente.
8. Nos traballos con escaleiras de tesoiras, o tensor sempre ha de estar completamente estendido.
9. Nos traballos con escaleiras extensibles, hai que se asegurar de que as abrazadeiras suxeiten firmemente.
10. As escaleiras con rodas deberán estar inmovilizadas antes de acceder a elas.
11. Se a utilización da escaleira ha de se facer preto de vías de circulación de peóns ou vehículos, haberá que protexer esta de golpes.
12. Débese impedir o paso de persoas por debaixo da escaleira.

ESCALADA MANUAL

As escadas non serán utilizadas simultaneamente por máis dun traballador.	
	
O ascenso, o traballo e o descenso dunha escaleira de man ha de se facer coas mans libres, de fronte á escaleira e agarrándose aos chanzos ou traveseiros.	Hai que subir pola escaleira facendo uso de todos os chanzos.
	
Non trate de alcanzar obxectos afastados da escaleira. Se necesita moverse lateralmente baixe da escaleira e desprácea. Non faga xogos de equilibrio innecesarios	Queda prohibido o uso de escaleiras de man de construción improvisada.
	
Hai que subir e baixar de cara á escaleira, e suxeitándose coas mans nos traveseiros, non agarrándose aos chanzos.	O transporte de materiais ou ferramentas á man farase de modo que iso non impida unha suxeición segura. Prohíbese o transporte e a manipulación de cargas por ou desde escaleiras de man cando polo seu peso ou polas súas dimensións poidan comprometer a seguridade do traballador. Non se deben utilizar as escaleiras de man como pasarelas, nin tampouco para o transporte de materiais.
	

ESCADA MANUAL

Non suba ata os últimos chanzos, estes deben quedar libres para se poder agarrar a eles.	Na utilización de escaleiras de man de tesoiras non se debe pasar dun lado a outro pola parte superior, nin tampouco traballar «a cabalo».
	
Colocaranse, na medida do posible, formando un ángulo aproximado de 75° coa horizontal.	O ángulo de abertura dunha escaleira de tesoiras debe ser de 30° como máximo, coa corda que une os dous planos estendida ou o limitador de abertura bloqueado.
	
Cando se utilicen para acceder a lugares elevados, os seus traveseiros deberanse prolongar polo menos 1 metro por encima desta e deberá quedar ben fixada.	Antes de acceder á escaleira é preciso asegurarse de que tanto a sola dos zapatos como os chanzos están limpos, en especial de graxa, aceite ou calquera outra sustancia escorregadiza.
	
Non utilice escaleiras de tesoiras como escaleiras de apoio. En calquera momento deslizaranse e pode ter un accidente; as escaleiras de tesoiras non se deseñaron para iso.	Nunca se debe mover unha escaleira manual estando o traballador sobre ela.

ESCALADA MANUAL

Despois de utilizar a escaleira é preciso:

- Limpar as substancias que caesen sobre ela.
- Revisar e, se se atopa algún dano que poida afectar á súa seguridade, sinalala cun letreiro que prohiba o seu uso e enviala a reparar ou substituír.

LEVANTAMENTO DUNHA ESCALEIRA

Por unha persoa e en caso de escaleiras lixeiras dun só plano.





- Situar a escaleira sobre o chan de forma que os pés se apoién sobre un obstáculo suficientemente resistente para que non se desprace.
- Elevar a extremidade oposta da escaleira.
- Avanzar lentamente sobre este extremo pasando de chanzo en chanzo ata que estea en posición vertical.
- Inclinar a cabeza da escaleira cara ao punto de apoio.

Por dúas persoas (peso superior a 25 Kg ou en condicións adversas)

- Unha persoa sitúase agachada sobre o primeiro chanzo na parte inferior e coas mans sobre o terceiro chanzo.
- A segunda persoa actúa como no caso precedente.

Para o abatemento, as operacións son inversas e sempre as farán dúas persoas.


TRANSPORTE DE ESCALEIRAS

Só se transportarán escaleiras simples ou de tesoiras, cun peso máximo que en ningún caso superará os 25 kg. Non se fará pivotar nin transportala sobre as costas, entre montante, etc.	No caso de escaleiras transformables necesítanse dúas persoas e deberanse tomar as seguintes precaucións:
	
Non se debe transportar horizontalmente. Hai que o facer coa parte dianteira cara a abaixo. As extensibles transportaranse cos paracaídas bloqueando os chanzos nos planos móbiles e as cordas atadas a dous chanzos cara a cara nos distintos niveis. Non se deben arrastrar as cordas das escaleiras polo chan.	
	
Hai que transportar pregadas as escaleiras de teseira.	Non se deben utilizar para transportar materiais.

ESCALADA MANUAL

ALMACENAMENTO



As escaleiras de madeira débense almacenar en lugares ao amparo dos axentes atmosféricos e de forma que faciliten a inspección. As escaleiras non se deben almacenar en posición inclinada. As escaleiras almacenaranse en posición horizontal, suxeitas por soportes fixos espetados en paredes.





INSPECCIÓN

As escaleiras deberanse inspeccionar antes do seu uso e, como máximo, cada seis meses e, comprobaranse entre outros:


Chanzos frouxos, mal ensamblados, rotos, con gretas, ou indebidamente substituídos por barras ou suxeitos con arames ou cordas.



Mal estado dos sistemas de suxección e apoio.



Defecto en elementos auxiliares (poleas, cordas etc.) necesarios para estender algúns tipos de escaleiras.



Ante a presenza de calquera defecto dos descritos deberase retirar de circulación a escaleira. Esta deberá ser reparada por persoal especializado ou retirada definitivamente. Deixarase constancia documental de todas as revisións que se efectúen.